

Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar, a Universidade da Coruña e a Fundación da Universidade da Coruña para o Plan da Cultura Marítima de Galicia-Horizonte 2030 (PCUMA).

En Santiago de Compostela, a 13 de diciembre de 2023

Dunha parte, don Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, don Julio Abalde Alonso, Sr. Reitor da Universidade da Coruña (UDC) nomeado segundo Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro de 2020 (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro de 2020), actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confiren os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG núm. 100 do 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro de 2007 (DOG núm. 201 do 17 de outubro de 2007).

E doutra parte, Don José María Barja Pérez Presidente do padroado Fundación Universidade da Coruña (en diante, FUAC) en nome e representación do devandito organismo, que foi constituída ante notario don Pablo Valencia Ces, o 24 de marzo de 1997 e inscrita no rexistro auxiliar de fundacións co núm. 183, con facultades suficientes para a formalización do presente acto segundo nomeamento acordado no Padroado celebrado o 18 de novembro de 2004.

Cada parte intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro.-

Que a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, no seu artigo 34.1 establece que os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as Administracións Públicas, as Universidades Públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os organismos de investigación doutras administracións públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo.

Así mesmo, o devandito artigo 34.1 da citada Lei prevé que poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta de, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e Innovación
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.

Segundo.-

Que a Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao cal lle corresponden as competencias en materia de ordenación e o fomento do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e de transformación dos produtos do mar no ámbito de Galicia, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os

termos sinalados pola Constitución española, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder aos outros organismos da Comunidade Autónoma.

Que segundo o establecido no Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 58, do 26 de marzo), correspóndelle a esta Consellería, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a investigación mariña e a coordinación, programación e execución das actividades de divulgación e de transferencia tecnolóxica nas comunidades pescadoras e litorais, así como a programación, supervisión, realización e difusión de publicacións e doutro material científico e didáctico.

Terceiro.-

Que a UDC como institución de servizo público, está aberta á sociedade e ten, entre outros, como fins prioritarios, fomentar a investigación e difundir a cultura no seo da sociedade. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade da Coruña manterá relacións con centros de investigacións e con institucións culturais e sociais, e impulsará a celebración de convenios de investigación con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

Cuarto.-

Que a FUAC é unha Fundación de carácter benéfico-docente, constituída para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa sociedade. É, polo tanto, unha organización non lucrativa, medio propio da Universidade da Coruña, incluída na denominación de fundación universidade-empresa tal e como demostra a composición do Padroado, o obxecto social, e os fines fundacionais establecidos nos Estatutos.

A UDC ten encomendada, a través da Resolución Reitoral do 03.04.2023, pola que se encomenda a xestión económica de contratos de investigación (art. 60 da LOSU) e

das cátedras institucionais, os servizos de xestión económico administrativa, secretariado técnico de apoio á Dirección e outros servizos de apoio. Que segundo o artigo 13 dos seus estatutos, a FUAC terá a consideración de medio propio instrumental do servizo técnico da Universidade da Coruña.

Quinto. -

No litoral Galego desenvolvéronse actividades, oficios e modos de vida vencellados ao mar, condicionados dende o inicio polas peculiaridades xeográficas e climatolóxicas da súa localización, que deron lugar a una "cultura" característica. O estudo pretende analizar dende unha perspectiva científico-didáctica as conexións e a transferencias destas comunidades litorais e do seu patrimonio, que creceron mantendo en equilibrio o ecosistema costeiro tradicional.

Sexto.-

A totalidade das manifestacións culturais (construcións, obxectos e creación inmateriais) é o que se considera como un sistema ou conxunto de gran valor histórico e patrimonial a preservar e no que avanzar ao futuro. Un patrimonio ligado ao mar que explica a transformación do territorio e do modo de vida da xente do mar, da súa construción social e cultural ao longo do tempo, e da evolución dos seus oficios e técnicas.

Así que, sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, as partes acordan a subscripción do presente Convenio, que se desenvolverá en íntima colaboración, compartindo por igual os seus fins e de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Mar, a Universidade da Coruña e a Fundación da Universidade da Coruña para o desenvolvemento das accións do Plan da Cultura Marítima-Horizonte 2030.

As accións a executar no marco deste convenio son as que se especifican no Anexo I dirixidas á continuar avanzando no obxectivo xeral de preservar e activar a cultura marítima de Galicia mediante a divulgación e aplicación do Plan da cultura marítima de Galicia

Segunda.- Compromisos das partes

1. A UDC, comprométese a realizar os traballos de investigación recompilación e estudo para a execución do Plan, de acordo coas actividades e plan de traballo recollidos no Anexo I deste convenio.

A Universidade da Coruña entregará os resultados dos traballos realizados conforme ao cronograma establecido no Anexo I.

2. A Consellería de Mar, a través da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación coas actuacións deste convenio.

3. A FUAC ao abeiro da Resolución Reitoral da Universidade da Coruña do 03.04.2023, pola que se encomenda a xestión económica de contratos de investigación (art. 60 da LOSU) e das cátedras institucionais, os servizos de xestión económico administrativa, secretariado técnico de apoio á Dirección e outros servizos de apoio, terá as seguintes obrigas:

- a. A administración e xestión económica deste convenio.
- b. Levar unha contabilidade analítica individualizada para este proxecto.
- c. As facturas e documentos xustificativos dos gastos do proxecto serán a nome da FUAC figurando os seus datos e CIF G-15597289.

- d. Os pagos dos gastos do proxecto realizaranse dende a conta da FUAC indicada na cláusula cuarta.
- e. Os documentos orixinais do gasto estarán en posesión de FUAC, que se compromete a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- f. Os ditos comprobantes de gastos responderán aos medios especificados no orzamento para cada tipoloxía de gasto indicados no convenio

Terceira.- Financiamento

Para levar a cabo o obxecto do convenio, a Consellería do Mar aportará a cantidade de douscentos noventa e dous mil oitocentos noventa e nove euros (**292.899,42 €**), que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 15.01.721A.640.2 (código de proxecto 2016 324) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2024, 2025 e 2026 distribuídos do seguinte xeito:

Anualidade 2024: 97.633,14 euros

Anualidade 2025: 97.633,14 euros

Anualidade 2026: 97.633,14 euros

A tramitación do expediente é ordinaria e anticipada de gasto e a eficacia deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001 e existe crédito previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2024, aprobado o 18 de outubro de 2023 polo Consello da Xunta, e xustifícase porque é necesario empezar coas actuacións recollidas no presente convenio nos primeiros meses de 2024.

Dita cantidade será aboada pola Consellería do Mar á Fundación Universidade da Coruña, por ter esta encomendada a xestión económica deste convenio, mediante transferencias bancarias na **c/c número IBAN ES2080/0000/74/3040159702** de

Abanca, tras a entrega por parte da UDC da documentación que figura na cláusula cuarta.

Cuarta.-Xustificación e pagamento

O importe que achega a Consellería do Mar ten como destino a compensación dos custos nos que incorre a Universidade da Coruña no desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, polo que non existe ánimo de lucro por parte desta última.

Este importe cubrirá os custos das persoas investigadoras e do persoal de apoio, gastos correntes de viaxes, axudas de custo, material funxible, custos web e custos indirectos, tal e como se especifica no Anexo II.

Con data límite 15 de decembro de cada ano de vixencia do convenio, a UDC, achegará a seguinte documentación:

- a. Unha memoria da actividade científico-técnica realizada en cada período de xustificación.
- b. A memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos no período de xustificación. A UDC entregará xustificación documental dos gastos realizados baixo este convenio mediante as correspondentes facturas e/ou certificados.

Previo ao aboamento que corresponda certificarase, polo responsable do proxecto, que os traballos realizados se axustan ao previsto no presente convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos e pagos sexa inferior o importe fixado na estipulación terceira do convenio, a achega da Consellería do Mar diminuirá de xeito proporcional.

Quinta.- Responsables dos traballos

Por parte da UDC será responsable das actividades obxecto do presente convenio don Oscar Fuertes Dopico- Investigador principal, profesor da Universidade da Coruña.

Por parte da Consellería de Mar será responsable da recepción dos informes e da expedición das oportunas certificacións a Secretaría Xeral Técnica.

Sexta.-Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento á que lle corresponderá, a resolución dos problemas de interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir durante a execución do convenio, así como a resolución dos problemas de cumprimento das accións derivadas deste convenio, e no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes, que se reunirá, cando o solicite unha das partes, e que estará constituída do seguinte xeito:

Pola Consellería do Mar:

- A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica ou a persoa en que delegue, que a substitúa.
- A persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou a persoa en que delegue, que a substitúa.

Pola Universidade da Coruña:

- Don Oscar Fuertes Dopico - Investigador principal, profesor asociado da Universidade da Coruña ou a persoa en quen delegue, que a substitúa.
- Don Salvador Naya Fernández, Vicerreitor de Investigación da Universidade da Coruña ou a persoa en quen delegue, que a substitúa.

Sétima.- Da propiedade dos datos e da difusión dos resultados

A consellería do Mar e a UDC manterán a confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados, sempre que non sexa de dominio público, non

desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido por este convenio.

A propiedade e utilización científica dos datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas no proxecto e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola Consellería do Mar e a Universidade da Coruña. Todas as partes, unha vez executadas as investigacións descritas, comprométense a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos, así como a publicar conxuntamente os resultados da investigación obxecto do convenio.

Cando se realice calquera tipo de comunicación ou divulgación dos resultados, xa sexa parcial ou total, farase mención explícita ao feito de que os datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas na acción de investigación e os resultados das análises son froito deste convenio de colaboración.

Oitava.- Vixencia e Prórroga

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. Antes de rematar a súa vixencia poderán as partes acordar expresamente a súa prórroga, logo da correspondente tramitación.

Novena.- Modificación

Este convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes, a través da formalización da correspondente addenda.

Décima.- Resolución

O presente convenio resolverase por:

- a. Incumprimento das cláusulas que o regulan.
- b. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

- c. O transcurso do prazo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga, no caso de que así se acordase.
- d. Por mutuo acordo das partes asinantes.
- e. Calquera outras causas de resolución previstas no ordenamento xurídico.

Décimo primeira.- Confidencialidade

Toda a información necesaria para a realización das actuacións subministrada por calquera das partes manterase en confidencialidade, a excepción das persoas que estean autorizadas para transmitir.

A información subministrada utilizarase exclusivamente para as tarefas previstas no marco do traballo definido neste convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo terceira.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura do convenio suporá o consentimento expreso da Universidade da Coruña á Administración da Xunta de Galicia para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, (BOE 10-

12-2013) de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- Relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre a Consellería do Mar e os profesionais da Universidade da Coruña e os da súa fundación, que realicen as actividades obxecto deste convenio.

Décimo quinta.- Natureza do Convenio

Este convenio queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, conforme ao establecido no seu artigo 6 e subscríbese ao abeiro da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, na lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Décimo sexta.- Xurisdición

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración

O Conselleiro do Mar

O Reitor da UDC

Alfonso Villares Bermúdez

Julio E. Abalde Alonso

O Presidente da FUAC

Don José María Barja Pérez

ANEXO I

1. Actividade a realizar

O obxecto deste convenio de colaboración é dar continuidade ao Plan da Cultura Marítima Horizonte 2030, como instrumento capaz de favorecer a xestión integral, posta en valor e activación da cultura marítima de cara ao futuro.

O que persegue o presente traballo é seguir avanzando no obxectivo xeral de preservar e activar a cultura marítima de Galicia, e que o plasmado en papel empece a dar froitos tanxibles para a cidadanía. Apostar polo patrimonio marítimo, sendo un patrimonio (industrial, límite, etnográfico...) ligado ao mar que explica a transformación do territorio e do modo de vida da xente do mar, da súa construción social e cultural ao longo do tempo, e da evolución dos seus oficios e técnicas.

Un paso máis na investigación cualitativa dirixida polo Profesor Doutor de experiencia no sector (Dr. Óscar Fuertes Dopico), xunto as estratexias de debate en conxunto cun grupo de expertos vinculados ó sector do mar e de diferentes mesas participativas coas principais asociacións vinculadas á cultura marítima, para que se engloben todos os aspectos da sociedade no futuro Plan de Cultura Marítima. Á parte do debate interno no seo académico, presentarase tamén noutros foros nos que participarán as consellarías de Cultura, Mar ou Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

2. Plan de Traballo

Traballarase no conxunto global do territorio litoral, na difusión do Plan e na realización das distintas actividades por realizar, unindo as tradicións, o valor do patrimonio marítimo e os pasos a seguir no futuro para garantir así a súa coherencia e continuidade:

INVESTIGACIÓN

PLANS DE TRABALLO XERAL:

PT01: TRABALLO DE CAMPO	Reunións, mesas debate e visitas.
PT02: PAISAXE, COMUNIDADES LITORALES e PATRIMONIO	A_Mobiliario, Inmaterial, Construcións e paisaxe. B_ Sociedade, Oficios e economía.
PT03: CAPITALIZACIÓN	Comunicación, difusión e divulgación.
PT04: INVESTIGACIÓN	
PT06: DIRECCIÓN E XESTIÓN	

FASE 1: Fase de continuidade no traballo: Elaboración dunha análise para un diagnóstico que evolucione no traballo feito da cultura e o mar. Investigación cualitativa mediante técnicas como á observación participante e as entrevistas estruturadas (conversas-debate-relatorios) específicos para os ámbitos do estudo. Tarefas concretas de continuidade:

- A. Estudar insitu os elementos para a realización do inventario.
- B. Completar os apartados dos traballos feitos da cultura do mar.
- C. Investigar sobre as categorías patrimoniais – inmobles.
- D. Definir un maior número de areas nai.
- E. Continuar cos procesos participativos previos á creación do Plan.

FASE 2: Fase de Comunicación e información: reunións individuais cos asesores, actualización da web co conxunto de información, evento informativo cos participantes das mesas e ciclo de xornadas cos grupos Galps e presentación técnica do PCUMA. Propoñendo as seguintes tarefas para a súa adecuada execución:

- *Estratexias de medios e plan de comunicación para difundir e divulgar o Plan a cidadanía, xerando un manual para a súa implantación no período 2024 – 2026.*

- *Mesas debates cos grupos Galp.* Levará a cabo un total de sete mesas debates por diversos puntos da costa galega, onde se expoñerá o plan dunha forma técnica e detallada, xerando unha reflexión conxunta do proposto no documento. Como resultado redactarase un documento de diagnóstico, da posible aplicación do PLAN nos proxectos Galp.

FASE 3: Fase de seguimento e avaliación do PCUMA: Redacción dos dispositivos de seguimento e realización das accións. Plantexamento de futuro e evolución do aspecto organizativo. Elaboración dun documento de avaliación, que recolle as seguintes etapas:

1. *Avaliación produtiva:* en 2024, tras ser presentado o Plan nas mesas debate, ter as primeiras apreciacións de cada zona Galp acerca das liñas de acción que poden avanzar con facilidade, destacando as entidades interesadas e os lugares escollidos da costa.
2. *Avaliación organizativa:* no primeiro trimestre de 2025; esta fase permitirá recoñecer o grao de execución e a contribución do Plan nun curto período de tempo.
3. *Avaliación estratéxica:* débese realizar cada dous anos, polo cal se expón o seu desenvolvemento no 2026, coa idea de deixar tempo máis que suficiente para analizar os resultados conseguidos e do modo en que se desenvolveron os proxectos, destacando a implicación das institucións, entidades e axentes do mar, así como as consecuencias no territorio litoral.

FASE 4: Fase de realización de accións: Executar as posibles ou dirixir- enfocar os medios para levalas a cabo, desde unhas garantías de coñecemento, de coordinación e de políticas públicas. Coordinación dende a pluralidade dos efectos das accións e das necesidades futuras. Xerar dende a identidade, como proposta:

1. OX.1/OE1.01/A.2/ **P.04 Áreas nai:** Inventario, con delimitación e estudo pormenorizado, das áreas de especial valor cultural, paisaxístico e patrimonial onde se evidencie a cultura marítima (áreas nai).
2. OX.1/OE1.03/A.10/ **P.27 Web Mar: Subdominio** dentro da páxina web da Consellería do Mar, con banco de proxectos e que enlace o atlas virtual, rutas, aplicacións, redes sociais, estudos creados (censos...), con iniciativas relacionadas coa cultura marítima.

3. OX.1/OE1.04/A.12/ **P.34 Censo do patrimonio marítimo:** Inventario do patrimonio marítimo inmovible para o seu coñecemento exhaustivo, que permita reflectir a súa situación actual. O inventario incluírá de base o patrimonio cultural marítimo dos catálogos existentes de diversos organismos (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Costas do Estado, e Colexio de Arquitectos de Galicia). A execución deste produto complementa a realización en paralelo do P.37 (*Estudo de detalle*) e o resultado afecta no desenvolvemento P.48 (*Fichas propias*), polo cal se poden executar en conxunto.
4. OX.2/OE2.01./A.15./ **P.41 Catálogo:** Catálogo dos proxectos conxuntos de visión global: A) censo dos proxectos realizados de rehabilitación e/ou posta en valor de instalacións do bordo litoral.

3. Cronograma

O documento base do Plan da cultura marítima establécense datas de entregas:

Entregas	Fases	2024	2025	2026
Traballo	Fase 1. Etapa de continuidade na investigación e profundar no traballo feito ata agora. (A/B)	22-26 de xullo.		
Documento Ciclo de Xornadas e Documento diagnóstico	Fase 1. Etapa de continuidade na investigación e profundar no traballo feito ata agora. (C/D) Fase 2. Etapa de comunicación e información do PCUMA coas entidades, administracións e asociacións.	16-20 de decembro		
Traballo Accións	Fase 2. Etapa de comunicación e información Fase 3. Etapa de seguimento e avaliación (1/2) Fase 4. Etapa da realización das accións		21-25 de xullo	

Documento Accións e eixos.	Fase 4. Etapa da realización das accións		15-19 de decembro	
Presentación Integración cultural.	Fase 1. profundar no traballo feito ata agora Fase 2. Etapa de comunicación Fase 3. Etapa de seguimento e avaliación (3)			27-31 de xullo
Documento Avaliación e seguimento.	Fase 2. Etapa de comunicación Fase 4. Etapa da realización das accións Fase 5. Coordinación dos efectos das accións e das necesidades: visión de futuro			14-19 de decembro

ANEXO II

A continuación recóllense as partidas de gasto previstas neste convenio:

PARTIDAS		2024	2025	2026	TOTAL
Custos PDI	Honorarios investigadores en servicios de dirección e grupo de expertos-asesores.	35.300	35.300	35.300	105.900,00
Custos Persoal Grupo traballo	Honorarios de persoal ou contratación externa por servicio de apoio para a realización da investigación.	37.300	39.300	39.300	115.900,00
Viaxes e dietas	Gastos asociados os diferentes desprazamentos por todo o litoral galego, e para as diversas reunións.	1.900	1.300	1.300	4500

Material funxible e pequeno equipamento.	Material básico e pequeno equipamento dixital asociado as accións.	1.000	1.600	1.600	4.200
Comunicación y difusión	Gastos de carteleira, difusión	2.000	2.000	2.500	6.500
Custos Web	Servicios mantemento Web	5.000	3.000	2.500	10.500
Custos Indirectos	Secretaría técnica, xestión e administración económica convenio	15.133,14	15.133,14	15.133,14	45.399,42

Total orzamento :

Actividade Investigadora	82.500,00	82.500,00	82.500,00	247.500,00
Custos indirectos 15,5%, (UDC) secretaría técnica, xestión e administración económica convenio	15.133,14	15.133,14	15.133,14	45.399,42
TOTAL	97.633,14	97.633,14	97.633,14	292.899,42